



## INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

*Circular núm. 1 (Curso 14-15)*

Mentres non rematen as obras no colexio utilizaremos as instalacións do Albergue Xuvenil da Mariña. O teléfono do Albergue é o 981 620 118 aínda que tamén permanece operativo o teléfono do colexio (981 620337) no que temos solicitado o desvío das chamadas.

### 1. HORARIO LECTIVO E DE ATENCIÓN AOS PAIS

O horario de clases será de 9 a 14 horas, excepto o previsto no Período de adaptación para os alumnos de educación infantil. O horario de atención aos pais por parte do profesorado será os martes de 16 a 17 horas, previa petición do/a pai/nai ou convocatoria do/a profesor/a. Neste mesmo horario atenderá o Equipo Directivo a quen así o solicite.

### 2. ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS NO CENTRO

**Durante as entradas e saídas do solo se permitirá a entrada ao recinto do Albergue a vehículos autorizados** pola dirección polo que os alumnos que non utilicen o servizo de transporte escolar deberán entrar a pé acompañados das persoas que os traian ao centro. **Pídese puntualidade nas entradas e saídas do Colexio.** Á hora de saída os pais deberán agardar aos seus fillos na entrada do centro ou na parada de autobús correspondente.

### 3. TRANSPORTE ESCOLAR

O Consello Escolar do Centro reunido en sesión extraordinaria o 9 de setembro de 2014 acordou **esixir á Consellería de Educación e ao Concello de Sada que cumpra o compromiso de facilitar servizo de transporte escolar a todas as familias que o solicitaron** no mes de xuño, entendendo que se ten dereito ao mesmo en base ás circunstancias extraordinarias polo traslado forzoso de instalacións. Hai catro anos por unhas circunstancias idénticas contouse con servizo de transporte.

Tamén se acordou que o único autobús que pon o Concello de Sada, con parada en Fontán, **sexo utilizado polos alumnos que solicitaron esa parada no mes de xuño** e que figuraban nos listados dos autobuses 1 e 3. **As restantes prazas serán adxudicadas polo Consello Escolar** tomando como criterio a distancia desde o domicilio familiar ao Albergue. A Resolución publicarase a principios da próxima semana na web do colexio e nos taboleiros de anuncios do Albergue e do centro.

### 4. CAMBIOS DE DOMICILIO, TELÉFONO, FALTAS DE ASISTENCIA...

Débense comunicar aos profesores tutores dos seus fillos os **cambios de domicilio e/ou teléfono**. Tamén se deberá comunicar calquera circunstancia médica ou de saúde que se produza e poida afectar ao desenvolvemento do neno/a na escola. As faltas de asistencia deberanse comunicar ao centro para poder avisar ao profesorado, ademais deberanse xustificar ante o profesor/a titor/a.

### 5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

En breve remitirá a Asociación de nais e pais unha circular informativa ofertando algunha actividade extraescolar.

Debido ás especiais circunstancias nas que nos atopamos non se ofertará ningunha actividade no Albergue. Coa volta ao Colexio realizarase unha nova oferta de actividades a partir do segundo trimestre.

## 6. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Os alumnos usuarios de comedor sairán ás 14 horas para Mosteirón. Estarán de volta **diante do Hotel de Sada ás 15:45**, hora na que remata o servizo. **Pídese ás familias que extremen a puntualidade** xa non contamos con ningún espazo para agardar e deberán recoller aos alumnos directamente do autobús.

**Impreso de Autodeclaración.** Lémbrese ás familias dos alumnos admitidos que aínda non o fixeron que deberán entregar debidamente cuberto o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos. O modelo-impreso facilítase no centro ou pódese descargar desta páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsada/node/365>

Sada a 10 de setembro de 2014.



O DIRECTOR

Asdo. Miguel Gayoso Barreiro

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U. C.E.I.P. Sada y sus Contornos Sada - A Coruña
Data:	10 setembro 2014
Número:	3
<b>S A Í D A</b>	